FEDERACIÓN GALEGA DE NATACIÓN
Avenida de Glasgow, 13
CP 15008 - A Coruña
www.fegan.org - info@fegan.org

PROXECTO CTO. GALEGO DE NATACIÓN MÁSTER DE INVERNO

Tempada 2016 - 2017. Circular 16-26.

1.- Organización, datas e sedes

1.1.- O campionato celebrarase a nivel rexional en dúas xornadas cunha sesión de tarde na primeira xornada e unha de maña e de tarde na segunda xornada.

1.2.- O Campionato Galego de Natación Máster de Inverno celebrarase durante as datas e sede establecida no calendario de natación para a presente tempada.

1.3.- Na xornada 1, a sesión de tarde dará comezo ás 17.00 h. Na xornada 2, a sesión de mañá dará comezo ás 10.00 h, e a da tarde, como mínimo dúas horas despois do remate da xornada matinal.

1.4.- Polo menos unha hora antes do inicio da competición a piscina estará a disposición dos nadadores para efectuar o quecemento.

2.- Programa de probas.

XORNADA 1. SESIÓN TARDE	XORNADA 2. SESIÓN MAÑÁ	XORNADA 2. SESIÓN TARDE
1.- 400 m libre mixtos	10.- 400 m estilos mixtos	18.- 200 m libre mixtos
2.- 100 m braza feminino	11.- 50 m libres masculino	19.- 100 m bolboreta feminino
3.- 100 m braza masculino	12.- 50 m libres feminino	20.- 100 m bolboreta masculino
4.- 100 m costas feminino	13.- 50 m costas masculino	21.- 50 m braza feminino
5.- 100 m costas masculino	14.- 50 m costas feminino	22.- 50 m braza masculino
6.- 50 m bolboreta feminino	15.- 100 m estilos masculino	**Descanso de 10 minutos**
7.- 50 m bolboreta masculino	16.- 100 m estilos feminino	23.- 4x50 m estilos masculino
Descanso de 10 minutos	**Descanso de 10 minutos**	24.- 4x50 m estilos feminino
8.- 4x50 m libres feminino	17.- 4x50 m libres mixto	
9.- 4x50 m libres masculino		

Antes das probas de remudas farase un descanso de 10 minutos.

3.- Participación.

3.1.- A presente normativa está destinada ás seguintes categorías masculina e feminina:

20+.- de 20-24 Anos (nacidos anos 1997-1993)	65+.- de 65-69 anos (nacidos anos 1952-1948)
25+.- de 25-29 anos (nacidos anos 1992-1988)	70+.- de 70-74 anos (nacidos anos 1947-1943)
30+.- de 30-34 anos (nacidos anos 1987-1983)	75+.- de 75-79 anos (nacidos anos 1942-1938)
35+.- de 35-39 anos (nacidos anos 1982-1978)	80+.- de 80-84 anos (nacidos anos 1937-1933)
40+.- de 40-44 anos (nacidos anos 1977-1973)	85+.- de 85-89 anos (nacidos anos 1932-1928)
45+.- de 45-49 anos (nacidos anos 1972-1968)	90+.- de 90-94 anos (nacidos anos 1927-1923)
50+.- de 50-54 anos (nacidos anos 1967-1963)	95+.- de 95-99 anos (nacidos anos 1922-1918)
55+.- de 55-59 anos (nacidos anos 1962-1958)	100+.- de 100 anos e máis (nacidos 1917 e anteriores).
60+.- de 60-64 anos (nacidos anos 1957-1953)	

A idade entenderase cumprida a 31 de decembro de 2017.

FEDERACIÓN GALEGA DE NATACIÓN
Avenida de Glasgow, 13
CP 15008 - A Coruña
www.fegan.org - info@fegan.org

3.2.- Nas probas de remudas, haberá 8 categorías, establecidas en base á suma das idades dos 4 compoñentes:

+80 (PREMASTER): Máis de 80 anos (80-99).	+200: Máis de 200 anos (200-239)
+100: Máis de 100 anos (100-119).	+240: Máis de 240 anos (240-279).
+120: Máis de 120 anos (120-159)	+280: Máis de 280 anos (280-319).
+160: Máis de 160 anos (160-199)	+320: Máis de 320 anos

Os nadadores da categoría PREMASTER, SÓ poderán participar nas remudas da categoría PREMASTER (80-99) anos. Os restantes nadadores poderán intervir en TODAS as categorías, incluída a PREMASTER.

3.3.- A participación está aberta a todos os nadadores de clubes galegos maiores de 20 anos. Os nadadores galegos deberán estar en posesión da licenza federativa galega de Máster vixente, non ter licenza territorial ou nacional de nadador, nin estar participando en competicións oficiais de natación por algún clube non adscrito á FEGAN.

3.4.- Cada nadador poderá participar, como máximo, en tres (3) probas individuais, unha na primeira xornada e dúas na segunda e en todas as remudas.

3.5.- Non existe limitación en canto ao número de nadadores por clube e proba.

3.6.- Cada clube poderá inscribir un só equipo de remudas por categoría, os compoñentes han de ser do mesmo clube e serán en número tantos como postas teña a remuda.

3.7.- Na cámara de saídas poderá requirirse unha credencial na que figuren unha foto e os datos do nadador, número de licencia e ano de nacemento, que poderá ser substituída por unha fotocopia do DNI.

4.- Inscricións

4.1.- Realizaranse a través de SDP e a acta de preinscrición que o propio programa xera en formato PDF será remitida á Federación por correo electrónico (inscricions@fegan.org). Xunto co devandito arquivo remitirase, no mesmo correo, o comprobante do pago da inscrición.

4.2.- As inscricións das remudas enviaranse utilizando o impreso de inscricións de remudas máster, cubrindo todos os apartados. Ademais, enviaranse cubertas as fichas de remudas (composición de equipos de remudas), especificando con claridade os datos que se piden: nome dos compoñentes, nº de licenza, orden en que participan, ano de nacemento. Deberán enviarse por correo xunto coa citada acta de preinscrición.

4.3.- Até media hora antes do comezo de cada sesión poderanse entregar na mesa de secretaría de

competición, posibles cambios (compoñentes ou variación da orden de participación) á ficha previamente enviada, pero non se poderán facer cambios de categoría.

4.4.- As inscricións deberán estar en poder da FEGAN antes das 20:00 horas do martes da semana previa á competición, sendo responsabilidade do clube que realiza a inscrición asegurarse de que foi recibida pola FEGAN.

4.5.- Os deportistas deberán ser inscritos con marcas acreditadas ou no seu defecto, con marcas aproximadas.

4.6.- Poderán comunicarse as baixas até media hora antes do comezo da competición, non se admitirán altas nin trocos.

4.7.- A entrega da documentación (series e instrucións) efectuarase a partir das 9.00 horas do mesmo día do campionato. Para retirar a documentación será necesaria a presentación da acreditación de Delegado, debidamente selada e asinada polo clube. Os clubes recibirán 1 xogo de series, instrucións e 1 de resultados.

5.- Fórmula de competición

5.1.- Disputaranse todas as probas contra o reloxo.

5.2.- As series confeccionaranse segundo os tempos de inscrición, sen distinción de categorías.

5.3.- Puntuación:

- A puntuación nas probas individuais será: 13, 10, 8, 7, 6, 5, 4, 3, 2, 1.
- A puntuación nas probas de remudas será: 26, 20, 16, 14, 12, 10, 8, 6, 4 e 2.

6.- Clasificacións

6.1- Faranse as seguintes clasificacións:

a) Clasificación masculina. Total puntos acadados en probas individuais e remudas masculinas.

b) Clasificación feminina. Total puntos acadados en probas individuais e remudas femininas.

c) Clasificación total. Total puntos da suma da clasificación masculina, feminina e máis os puntos das probas mixtas (se existir).

7.- Títulos e premios

7.1.- Entregaranse medallas aos tres primeiros clasificados en cada proba e categoría masculina e feminina.

7.2.- Situarase unha ou dúas mesas para a entrega (categoría masculina e feminina) para que, previa identificación, se poidan ir entregando as mesmas a medida que se vaian confeccionando os resultados sen parar a competición.

7.3.- Trofeos aos participantes de máis idade na categoría masculina e feminina.

7.4.- Trofeos aos clubes campións en cada unha das clasificacións indicadas na presente normativa.

A Coruña,

Secretaría Xeral FEGAN